



PLATAFORMA POLA DEFENSA E MELLORA DA SANIDADE PÚBLICA DE OURENSE

Asunto: *Peche de Toén e apertura de Piñor como Centro de Rehabilitación para enfermos de Saúde Mental*

O pasado luns día 16 de Xaneiro o Hospital de Toén pechou as súas portas e os seus doentes foron trasladados as prantas 2º e 3º do anterior servizo de Medicina Interna de Piñor. Sendo presentado o mesmo como a culminación dunha xestión eficiente e eficaz na que primou por enriba de todo o “beneficio aos pacientes”.

Dende a Plataforma sempre manifestamos que a situación de Toén, como infraestrutura, e como modelo de atención ao paciente con problemas de saúde mental vai anos que precisaba dun cambio. O seu deterioro era tan evidente que calquera modificación por moi pequena que fose sempre ía significar un gran avance para os pacientes alí ingresados e para os profesionais que lles prestan cuidados.

Neste contexto ¿cal foi a solución adoptada pola Consellería de Sanidade e pola Xerencia Unica de Ourense?. Dende o noso punto de vista a máis perxudicial para o sistema de saúde da nosa provincia e a clara constatación da marxinación que levamos sufrindo os cidadáns que aquí vivimos e residimos. Solución na que a Consellería e Xerencia non primaron o tan “cacareado” beneficio dos pacientes senon que practicaron a pura e dura austeridade sabendo que con moi pouco de inversión mataban dous paxaros dun tiro. O peche de Toén amenazado de investigación polo Valedor do Pobo e o non ter que levar adiante o proxecto feito polo goberno anterior para darlle solución a Hospitalización dos pacientes de Saúde Mental, para o que xa existía un proxecto aprobado e pagado o seu plan funcional. Estas son as verdadeiras razóns deste despropósito e de rebote teríamos o beneficio para os doentes.

Dende a Plataforma seguimos insistindo no seguinte:

1º.-O peche de Piñor fixo perder máis de 70 camas a provincia de Ourense.

2º.-A suposta unificación do servizo de Medicina Interna quedouse nunha dispersión entre o Hospital Nai, Cristal e Materno.

3º.-O peche de Toén sen ningunha alternativa, coñecida, por parte da Consellería está a por en risco o uso público/sanitario deses terreos ou mesmo a súa privatización.

4º.-Perdese para Ourense o proxecto de ter, tal como estaba proxectado, un novo centro de Rehabilitación de Pacientes con Enfermedades de Saúde Mental nos terreos de Piñor.

5º.-Siguese co colapso nas urxencias do CHUOU, que nega a Xerente Única, e que os traballadores levan denunciando continuamente e o luns día 23 concentráranse en sinal de protesta.

6º.-O Plan Director a pesar de todos os anuncios do Hospital 2050 sigue sen definir claramente o seu financiamento e remate. Insistimos que os fondos europeos non son para a infraestrutura, son para que unha vez feita a mesma se lle dote de tecnoloxía de última xeneración.

7º.-A provincia de Ourense como moi pronto terá, no mellor dos escenarios, o seu Hospital rematado cara o ano 2016 ou 2018 é dicir máis de 20 anos despois de empezar co seu proxecto inicial.

8º.-Os pacientes hospitalizados terán que seguir compartindo habitacións de 3 persoas, baño entre 6, sen aire acondicionado e con paredes e teitos sen pintura ou desconchados.

9º.-Os familiares e profesionais andaran ciscados polas distintas prantas do hospital sexa buscando os doentes que lles toca atender ou na procura do médico que leva ao seu familiar.

10º.-Está Consellería de Sanidade despois de 3 anos de Xestión non ten feito ningunha inversión de importancia en Ourense e pola contra ten practicado a desfeita ben sexa en infraestruturas ou en eliminación de postos de traballo, aumento de contratos lixo ou incremento continuo da derivación a privada.